

ACTA Nº 1/2016

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E OITO DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

En Paradela, a vinte e oito de xaneiro de 2016

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D^a ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. MARTÍN LÓPEZ LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. JESÚS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 23 DE NOVIEMBRE DE 2015.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 23 de novembro de 2015 da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria de data 23 de novembro de 2015.

O resultado foi de aprobación pola maioría absoluta, co voto a favor de oito Concelleiros, (sete do Grupo Municipal do Partido Popular e un do Grupo Municipal Socialista), abténdose D. Guillermo Castro González, por non haber asitado á sesión obxecto de aprobación; sendo nove o número legal de membros.

2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

O Pleno dase por enterado

3º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) NO LUGAR DE A CORTIÑA (PARADELA).

O Sr. Alcalde, toma a palabra facendo unha breve resumo do obxecto da modificación no Plan Xeral de Ordenación Urbana para o cambio de ubicación dun ámbito destinado a equipamentos no solo urbano de Paradela para correxilo erro existente no PXOM, definido equivocadamente como un equipamento.

Consta no expediente, a proposta de Alcaldía, co seguinte tenor literal:

“Visto o procedemento iniciado para proceder a unha modificación do Plan Xeral de Ordenación Urbana para o cambio de ubicación dun ámbito destinado a equipamentos (Q-80) no solo urbano de Paradela para correxilo erro que incorpora parte da superficie da parcela 27042A0100000780000GB (233,50 m² sobre os 1.425 m²) definido equivocadamente como un equipamento existente no PXOM.

Visto que en data 31 de agosto de 2015, tivo entrada no rexistro do Concello (Rex. Núm 901) Resolución do 24 de agosto de 2015 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental pola que se formula o informe ambiental estratéxico da modificación puntual do PXOM do Concello de Paradela no lugar da Cortiña-Pacios, resolvendo non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

Visto que foi emitido un informe de Secretaría en relación coa lexislación aplicable e co procedemento que se debía seguir para a modificación do Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Visto que, unha vez culminado o traballo de elaboración da modificación e disposta esta para a súa aprobación inicial, previamente a ela, foi solicitado un informe á Consellería competente en materia de Urbanismo e Ordenación do Territorio, coas seguinte conclusión:

- Enténdese que a ordenación proposta mellora a vixente, o que cabe considerar unha razón de interese público aos efectos previstos no art. 94.1 da LOUG.

Visto o informe de Secretaría e de acordo co disposto nos artigos 22.2.c) e 47.2.11) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Alcalde-Presidente, **PROPÓN** ao Pleno da Corporación:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o proxecto de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Paradela nos termos que constan no expediente.

SEGUNDO. Que se abra un período de información pública por un prazo de dous meses, mediante un anuncio no Diario Oficial de Galicia e nos xornais La Voz de Galicia e O Progreso. Durante ese período o expediente quedará á disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se consideren pertinentes.

TERCEIRO. Que se suspenda o outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. A duración da suspensión é de dous anos máximo contados desde a devandita aprobación, e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva da modificación do planeamento, tal e como se prevé na Lei 9/2002.

As áreas afectadas pola suspensión son as seguintes:

- Quedan suspendidas as licenzas no ámbito identificado como Q-80 (plano 2.2) e aquelas que resulten contradictorias da aplicación de ambas normativas na parcela de referencia catastral 7359027PH1375 ubicada no ámbito RE (3)-3 (plano 2.1).

Esta suspensión publicarase conxuntamente coa aprobación inicial.

CUARTO. Que se lles dea audiencia aos municipios limítrofes, simultaneamente e durante o mesmo prazo da información pública.

QUINTO. Que se lles soliciten, ao mesmo tempo que se realiza o trámite de información pública, os informes *aos organismos afectados por razón das súas competencias sectoriais*, os cales deben emitilo no prazo dun mes, agás que unha disposición autorice un prazo máis longo, neste caso ao **Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, ao abeiro da Resolución do 24 de agosto de 2015 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental pola que se formula o informe ambiental estratéxico da modificación puntual do PXOM do Concello de Paradela no lugar da Cortiña-Pacios, resolvendo non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica *xunto coa contestación do Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no que establece de xeito textual que “de acordo co artigo 7.2 da Lei 7/2008 (modificado pola Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas), e tendo en conta o disposto no artigo 93.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a modificación deberá someterse, tras a súa aprobación inicial, a informe do Instituto de Estudos do Territorio”*.

Paradela, 22 de xaneiro de 2016 O Alcalde-Presidente Asdo.: José Manuel Mato Díaz. Documento asinado dixitalmente ao marxe”.

Sómete a proposta de alcaldía a votación, que resulta aprobada pola unanimidade dos nove Concelleiros que constitúen a Corporación.

4º.- MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO APARTADO SEXTO DA BASE DE EXECUCIÓN NUMERO 24 DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2016, RELATIVA A AXUDAS E SUBVENCIONS PÚBLICAS.

Consta no expediente, a proposta de Alcaldía, co seguinte tenor literal:

“O Grupo de Goberno ante as iniciativas e actividades que está adoptando a Asociación de Mulleres de Paradela, entidade de carácter cultural, como a realización da cabalgata de Reis Magos así como das Festas de Entroido, actividades que neste últimos ano estaba a realizar a Asociación Cultural O Barrido, que na actualidade carece de actividade, ten a intención de incrementar a subvención nominativa á Asociación de Mulleres de Paradela nun importe de 1.200,00 €, o que suporía unha axuda a citada entidade de 2.200,00 € para o ano 2016 e deixar sen asignación á Asociación Cultural O Barrido por acrecer de actividade.

Con carácter previo e para o estricto cumprimento da lexislación vixente resulta necesario a modificación do apartado sexto da Base de Execución número 24 do actual Orzamento de 2016, relativa a Axudas e subvencións públicas para incluír á citada Entidade dentro dos beneficiarios de subvencións nominativas que outorga o Concello

de Paradela.

En vita de todo o anterior, o Concello propón ao Pleno da Corporación,

PRIMEIRO.- *A modificación do apartado sexto da Base de execución número 24 que quedaría redactada do seguinte xeito:*

6.- En todo caso son subvencións con asignación nominativa no Orzamento:

- ADESPA.....	4.200,00 €
- ASOCIACIÓN DE MULLERES DE PARADELA.....	2.200,00 €
- ASOCIACIÓN XUVENIL DE CASTRO DE REI DE LEMOS....	1.000,00 €
- AGRUPACIÓN DEPORTIVA DE VETERANOS DE PARADELA	500,00 €
- BANDA DE MÚSICA DE PARADELA.....	3.000,00 €
- COMISIÓN FESTAS CASTRO DE REI DE LEMOS.....	2.000,00 €
- COMISIÓN FESTAS PARADELA.....	3.000,00 €
- COMISIÓN FESTAS TRADICIONAIS E POPULARES PARROQUIAS DO MUNICIPIO, 60 € por Parroquia.....	600,00 €
- FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA.....	500,00 €
- SOCIEDADE DEPORTIVA PARADELA.....	6.000,00 €

SEGUNDO.- *Expoñer ao público a modificación do apartado sexto da base de Execución número 24 do Orzamento Xeral para o exercicio 2016, polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncios no Boletín da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos do seu exame e presentación, no se caso das reclamacións oportunas polos interesados.*

TERCEIRO.- *Considerar elevado a definitivo este acordo no caso de que non se presente reclamación algunha.*

Paradela, 21 de xaneiro de 2016 O Alcal de-Presidente Asdo.: José Manuel Mato Díaz. Documento asinado dixitalmente ao marxe.”

Sómete a proposta de alcaldía a votación, que resulta aprobada pola unanimidade dos nove Concelleiros que constitúen a Corporación.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

Neste punto da orde do día, o Sr. Secretario-Interventor fai un resumo do motivo da proposta de aprobación de ordenanza, baseado na adaptación ao sistema implantado polo Concello a través do aplicativo Gestiona.

Consta no expediente, a proposta de Alcaldía, co seguinte tenor literal:

“Vista a ordenanza reguladora da administración electrónica, aprobada polo Pleno da Corporación en data 26 de xaneiro de 2011 e publicada no BOP núm. 066 de 23 de marzo de 2011, ordenanza que se adaptaba ao proxecto de administración electrónica vinculado ao Proxecto Innovate da Deputación Provincial de Lugo.

Visto que o citado proxecto Innovate non foi quen de acadar o resultado de implantación da administración nin da sede electrónica do Concello, pola nosa parte procedeuse a instaurar a mesma a través da empresa AUTOLUCE, S.A.U. - a través do aplicativo “GESTIONA”, o que require unha configuración específica, polo que

considerándose do máximo interese a creación da Sede Electrónica neste Municipio e a correspondente aprobación dunha Ordenanza municipal que a regule, co obxecto de permitir o exercicio do dereito que teñen os cidadáns a relacionarse coas Administracións Públicas por medios electrónicos, de conformidade coa Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns, completando o disposto nas Leis e Regulamentos vixentes.

Visto o proxecto elaborado por Secretaría-Intervención, do Regulamento da administración electrónica do Concello de Paradela, solicitado por Providencia de Alcaldía de data 21 de xaneiro de 2016.

Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao mesmo a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Crear a sede electrónica do Concello, dispoñible no enderezo URL <https://paradela.sedelectronica.es>, cuxa titularidade, xestión e administración corresponde a este Concello de acordo co establecido no capítulo III da Ordenanza de Administración electrónica.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza de Administración electrónica do concello de Paradela, coa redacción que a continuación se recolle:

“CAPÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 1. Obxecto

Esta ordenanza ten por obxecto a regulación dos aspectos electrónicos da Administración municipal, a creación e determinación do réxime xurídico propio da sede electrónica, do rexistro electrónico e da xestión electrónica administrativa, facendo efectivo o dereito dos cidadáns ao acceso electrónico aos servizos públicos municipais.

ARTIGO 2. Ámbito de aplicación

Esta ordenanza será de aplicación ao Concello e ás entidades de dereito público vinculadas o dependentes deste, e aos cidadáns nas súas relacións coa Administración municipal.

CAPÍTULO II. SISTEMAS DE IDENTIFICACIÓN E AUTENTICACIÓN

ARTIGO 3. Sistemas de identificación e autenticación

Os sistemas de identificación e autenticación serán os establecidos no capítulo II da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Neste sentido, os cidadáns interesados en realizar a presentación de solicitudes no rexistro electrónico poderán utilizar algún dos sistemas de identificación electrónica:

a) En todo caso, o DNI electrónico.

b) Sistemas de firma electrónica avanzada baseados en certificados electrónicos recoñecidos. O Concello admitirá todos os certificados recoñecidos incluídos na "Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación" (TSL) establecidos en España, publicada na sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.



c) Outros sistemas de sinatura electrónica, como a utilización de claves concertadas nun rexistro previo como usuario, a achega de información coñecida por ambas as partes ou outros sistemas non criptográficos, nos termos e condicións que en cada caso se determinen.

CAPÍTULO III. SEDE ELECTRÓNICA

ARTIGO 4. Sede electrónica

Créase a sede electrónica do Concello, dispoñible no enderezo URL <https://paradela.sedelectronica.es>

Correspóndelle ao Concello a súa titularidade, xestión e administración; a xestión e administración poderán ser encargadas a outras entidades, públicas ou privadas, mediante o oportuno instrumento xurídico.

A sede electrónica deberá ser accesible aos cidadáns todos os días do ano, durante as vinte e catro horas do día. Só cando concorran razóns xustificadas de mantemento técnico ou operativo, poderase interromper, durante o tempo imprescindible, o acceso a ela. A interrupción deberase anunciar na propia sede coa antelación que, de ser o caso, resulte posible. Nos supostos de interrupción non planificada no funcionamento da sede, e sempre que sexa factible, o usuario visualizará unha mensaxe en que se lle comunique tal circunstancia.

A sede electrónica está suxeita aos principios de publicidade oficial, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.

ARTIGO 5. Catálogo de procedementos

Tal e como establece a disposición derradeira terceira da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, os dereitos recoñecidos no artigo 6 desta lei poderán ser exercidos en relación cos procedementos e coas actuacións adaptados a ela. Para estes efectos, o Concello fará público e manterá actualizado o catálogo dos procedementos e actuacións na sede electrónica.

ARTIGO 6. Contido da sede electrónica

A sede electrónica terá o contido marcado na lexislación aplicable. En todo caso, deberán figurar:

a) A identificación da sede, así como do órgano ou órganos titulares e dos responsables da xestión e dos servizos postos á disposición dos cidadáns nela.

b) A información necesaria para a correcta utilización da sede, incluíndo o mapa da sede electrónica ou a información equivalente, con especificación da estrutura de navegación e das distintas seccións dispoñibles.

c) O sistema de verificación dos certificados da sede e dos selos electrónicos.

e) Un acceso ao rexistro electrónico e ás normas de creación do rexistro ou rexistros electrónicos accesibles desde a sede.

f) A información relacionada coa protección de datos de carácter persoal.

g) O inventario de información administrativa, co catálogo de procedementos e servizos prestados polo Concello.

h) A relación dos medios electrónicos aos que se refire o artigo 27.4 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

i) Unha ligazón para a presentación de suxestión e queixas ante os órganos que, en cada caso, resulten competentes.



l) O acceso, de ser o caso, ao estado de tramitación do expediente, logo da identificación do interesado.

m) A comprobación da autenticidade e integridade dos documentos emitidos polos órganos ou organismos públicos que abrangue a sede que fosen autenticados mediante código seguro de verificación.

n) A indicación da data e hora oficial.

ñ) O calendario de días hábiles e inhábiles para os efectos do cómputo de prazos.

ARTIGO 7. Taboleiro de edictos electrónico

A publicación no taboleiro de edictos da sede electrónica terá carácter complementario á publicación no taboleiro de anuncios municipal, sen prexuízo de que poida ser substituída pola dita publicación electrónica nos casos en que así se determine.

O Concello garantirá, mediante os instrumentos técnicos pertinentes, o control das datas de publicación dos anuncios ou edictos, co fin de asegurar a constatación para os efectos de cálculos de prazos.

ARTIGO 8. Publicidade activa

O Concello publicará de forma periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública, todo isto de acordo coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Neste sentido, o Concello publicará:

- Información institucional, organizativa e de planificación.
- Información de relevancia xurídica; isto é, normativa propia, tanto ordenanzas ou regulamentos como ordenanzas fiscais ou calquera outras disposicións de carácter xeral.

- Información económica, orzamentaria e estatística.

ARTIGO 9. Perfil de contratante

Desde a sede electrónica accederase ao perfil de contratante do Concello, cuxo contido estará axustado ao disposto na normativa de contratación.

CAPÍTULO IV. REXISTRO ELECTRÓNICO

ARTIGO 10. Creación e funcionamento do rexistro electrónico

Mediante esta ordenanza créase o rexistro electrónico do Concello e das súas entidades de dereito público dependentes, determínase o réxime de funcionamento e establécense os requisitos e condicións aos que se deberá atender na presentación e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións que se transmitan por medios electrónicos.

O funcionamento do rexistro electrónico réxese polo establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, nesta ordenanza e, para o non previsto por estes, na normativa de dereito administrativa que lle sexa aplicable.

ARTIGO 11. Natureza e eficacia do rexistro electrónico

O rexistro electrónico do Concello intégrase no rexistro xeral, garantíndose a interconexión con este.



A presentación de solicitudes, escritos e/ou comunicacións no rexistro electrónico terá os mesmos efectos que a presentación realizada no rexistro físico do órgano administrativo ao que se dirixan.

ARTIGO 12. Funcións do rexistro electrónico

O rexistro electrónico do Concello cumprirá as seguintes funcións:

- a) A recepción de escritos, solicitudes e comunicacións, así como a anotación do seu asento de entrada.
- b) A expedición de recibos electrónicos acreditativos da presentación dos ditos escritos, solicitudes e comunicacións.
- c) A remisión de comunicacións e notificacións electrónicas, así como a anotación do seu asento de saída.
- d) Calquera outras que se lle atribúan legal ou regulamentariamente.

ARTIGO 13. Responsable do rexistro electrónico

A responsabilidade da xestión deste rexistro corresponderalle á Alcaldía do Concello.

ARTIGO 14. Acceso ao rexistro electrónico

O acceso ao rexistro electrónico realizarase a través da sede electrónica deste concello, que se atopa no seguinte enderezo URL: <https://paradela.sedelectronica.es>

ARTIGO 15. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións

O rexistro electrónico estará habilitado unicamente para a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións respecto dos trámites e procedementos que se relacionen na sede electrónica. Os demais escritos carecerán de efectos xurídicos e non se terán por presentados, circunstancia que se lle comunicará ao interesado por se considera conveniente utilizar calquera das formas de presentación de escritos ante o Concello que prevé o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O rexistro electrónico permitirá a presentación de solicitudes, escritos ou comunicacións todos os días do ano durante as vinte e catro horas.

O rexistro electrónico rexerese pola data e hora oficiais da sede electrónica.

O rexistro electrónico xerará automaticamente un recibo da presentación realizada, en formato pdf e mediante algún dos sistemas de identificación admitidos, que deberá conter a data e a hora de presentación, o número de entrada do rexistro e a relación dos documentos adxuntos ao formulario de presentación. A falta de emisión do recibo acreditativo da entrega equivalerá á non recepción do documento, o que deberá poñerse en coñecemento do usuario.

ARTIGO 16. Rexeitamento de solicitudes, escritos e comunicacións

A Administración municipal poderá rexeitar aqueles documentos electrónicos que se presenten nas seguintes circunstancias:

- a) Que conteñan código malicioso ou un dispositivo susceptible de afectar a integridade ou a seguridade do sistema.
- b) No caso de utilización de documentos normalizados, cando non se cubran oscampos requiridos como obrigatorios ou cando teñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Os documentos adxuntos aos escritos e comunicacións presentados no rexistro electrónico deberán ser lexibles e non defectuosos. Poderanse utilizar os formatos comunmente aceptados que se farán públicos na sede electrónica deste concello.



Nestes casos, o remitente do documento será informado disto, con indicación dos motivos de rexeitamento, así como, cando iso sexa posible, dos medios de emenda de tales deficiencias. Cando o interesado o solicite, remitirase unha xustificación do intento de presentación, que incluírá as circunstancias de rexeitamento.

ARTIGO 17. Cómputo dos prazos

O rexistro electrónico rexerese, para os efectos de cómputo de prazos, vinculantes tanto para os interesados como para as administracións públicas, pola data e a hora oficiais da sede electrónica, que contará coas medidas de seguridade necesarias para garantir a súa integridade e figurar visible.

O rexistro electrónico estará á disposición dos seus usuarios as vinte e catro horas do día, todos os días do ano, con excepción das interrupcións que sexan necesarias por razóns técnicas.

Para os efectos do cómputo do prazo fixado en días hábiles ou naturais, e no que se refire ao cumprimento de prazos polos interesados, deberase atender ao seguinte:

— A entrada de solicitudes, escritos e/ou comunicacións recibidas en días inhábiles entenderase efectuada na primeira hora do primeiro día hábil seguinte. Para isto, no asento de entrada inscribíranse como data e hora de presentación aquelas nas cales se produciu efectivamente a recepción, e constarán como data e hora de entrada a primeira hora do primeiro día hábil seguinte.

— As solicitudes entenderanse recibidas no prazo establecido se se inicia a transmisión dentro do mesmo día e esta finaliza con éxito. Para os efectos de cómputo de prazos, será válida e producirá efectos xurídicos a data de entrada que se consigne no recibo expedido pola unidade de rexistro.

— Non se dará saída, a través do rexistro electrónico, a ningún escrito ou comunicación en día inhábil.

— Considéranse días inhábiles, para os efectos do rexistro electrónico da Administración municipal, os establecidos como días festivos no calendario oficial de festas laborais do Estado, da Comunidade Autónoma e polos da capitalidade do municipio. Para estes efectos poderase consultar o calendario publicado na sede electrónica.

CAPÍTULO V. Notificacións electrónicas

ARTIGO 18. Condicións xerais das notificacións

Para que as notificacións administrativas poidan levarse a cabo a través de medios electrónicos, conforme o artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, será preciso que o interesado sinalase ou consentise expresamente o dito medio de notificación como preferente, salvo no caso en que o uso dos medios electrónicos sexa obrigatorio segundo a normativa aplicable.

O consentimento dos interesados poderá ter carácter xeral para todos os trámites que os relacionen coa Administración municipal ou para un ou varios trámites, segundo se manifestase.

O interesado poderá, así mesmo, durante a tramitación do procedemento, modificar a forma de comunicarse coa Administración municipal, optando por un medio distinto do inicialmente elixido, ben determinando que se realice a notificación a partir dese intre mediante vía electrónica ou revogando o consentimento de notificación electrónica para que se practique a notificación vía postal, caso en que deberá



comunicalo ao órgano competente e indicar un domicilio postal onde practicar as sucesivas notificacións.

Esta modificación comezará a producir efectos respecto das comunicacións que se produzan a partir do día seguinte á súa recepción no rexistro do órgano competente.

ARTIGO 19. Práctica das notificacións electrónicas

A práctica da notificación electrónica realizarase por comparecencia electrónica.

A notificación por comparecencia electrónica consiste no acceso por parte do interesado, debidamente identificado, ao contido da actuación administrativa correspondente a través da sede electrónica da Administración municipal.

Para que a comparecencia electrónica produza os efectos de notificación, segundo o artigo 28.5 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, requirirase que reúna as seguintes condicións:

- Con carácter previo ao acceso ao seu contido, o interesado deberá visualizar un aviso do carácter de notificación da actuación administrativa que terá o dito acceso.
- O sistema de información correspondente deixará constancia do dito acceso con indicación da data e hora, momento a partir do cal a notificación entenderase practicada a todos os efectos legais.

O sistema de notificación permitirá acreditar a data e hora en que se produza a posta á disposición do interesado do acto obxecto de notificación, así como a de acceso ao seu contido.

Cando, existindo constancia da posta á disposición, transcorran dez días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común, e normas concordantes, salvo que de oficio ou por instancia do destinatario comproben a imposibilidade técnica ou material do acceso.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Entrada en funcionamento da sede electrónica

Habílitase a Alcaldía-Presidencia para que adopte o acordo de entrada en funcionamento da sede electrónica.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Entrada en funcionamento do rexistro electrónico

Habílitase a Alcaldía-Presidencia para que adopte o acordo de entrada en funcionamento do rexistro electrónico.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Seguridade

A seguridade das sedes e rexistros electrónicos, así como a do acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, rexeranse polo establecido no Esquema Nacional de Seguridade.

O Pleno do Concello aprobará a súa política de seguridade, co contido mínimo establecido no artigo 11 do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración electrónica.

Deberase dar publicidade nas correspondentes sedes electrónicas ás declaracións de conformidade e aos distintivos de seguridade dos que se dispoña.

Deberase realizar unha auditoría regular ordinaria, polo menos, cada dous anos. Cada vez que se produzan modificacións substanciais no sistema de información que poidan repercutir nas medidas de seguridade requiridas, deberase realizar unha auditoría con carácter extraordinario, que determinará a data de cómputo para o

cálculo dos dous anos. O informe de auditoría terá o contido establecido no artigo 34.5 do Esquema Nacional de Seguridade.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Protección de datos

A prestación dos servizos e as relacións xurídicas a través de redes de telecomunicación desenvolveranse conforme o establecido na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, e as disposicións específicas que regulan o tratamento automatizado da información, a propiedade intelectual e os servizos da sociedade da información.

DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA. Portelo único da Directiva de Servizos

O Concello garantirá, dentro do ámbito das súas competencias, que os prestadores de servizos poidan obter a información e formularios necesarios para o acceso a unha actividade e o seu exercicio a través do portelo único da Directiva de Servizos (www.eugo.es), así como coñecer as resolucións e o resto de comunicacións das autoridades competentes en relación coas súas solicitudes. Con ese obxecto, o Concello impulsará a coordinación para a normalización dos formularios necesarios para o acceso a unha actividade e o seu exercicio.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA. Habilitación de desenvolvemento

Habílitase a Alcaldía-Presidencia para que adopte as medidas organizativas necesarias que permitan o desenvolvemento das previsións desta ordenanza e poida modificar os aspectos técnicos que sexan convenientes por motivos de normalización, interoperabilidade ou, en xeral, adaptación ao desenvolvemento tecnolóxico.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SÉTIMA. Aplicación das previsións contidas nesta ordenanza

As previsións contidas nesta ordenanza serán de aplicación tendo en conta o estado de desenvolvemento das ferramentas tecnolóxicas do Concello, que procurará adecuar as súas aplicacións ás solucións dispoñibles en cada momento, sen prexuízo dos períodos de adaptación que sexan necesarios. Cando estas estean dispoñibles, publicarase tal circunstancia na sede electrónica.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Esta ordenanza, derroga a ordenanza reguladora da administración electrónica publicada no BOP núm. 066 de 23 de marzo de 2011.

DISPOSICIÓN FINAL. Entrada en vigor

Esta ordenanza, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión do día _____, publicarase no Boletín Oficial de Lugo, e non entrará en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”.

TERCEIRO.- Someter a devandita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

En Paradela, a 22 de xaneiro de 2016 O Alcalde, Asdo.: José Manuel Mato Díaz Documento asinado dixitalmente ao marxe.

Sómete a proposta de alcaldía a votación, que resulta aprobada pola unanimidade dos nove Concelleiros que constitúen a Corporación.

6º.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS DE MODIFICACIÓN DO ARTIGO 7 DOS ESTATUTOS.

Toma a palabra o Sr. Alcalde facendo un resumo do contido do Convenio, e a súa vinculación coas entidades locais relativo ao imposto de circulación, e que ante a visita hai dous meses da Xefa de Tráfico de Lugo, onde acordaron que se presentaría ao pleno esta proposta para que os veciños de Paradela podan tramitar o cambio de domicilio do permiso de circulación sen ter que desprazarse a Lugo e facelo dende o Concello.

Consta no expediente, a seguinte proposta de Alcaldía:

“Visto o escrito con entrada no rexistro do Concello en data 11 de xaneiro de 2016 (Rex. Núm. 20) da Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés, relativo ao cordo adoptado polo Pleno da Mancomunidade celebrado en data 13 de outubro de 2015, polo que se acordou modificar o artigo 7 dos Estatutos coa finalidade de aumentar o tempo de renovación dos cargos de Presidente e Vicepresidente de un a dous anos.

Tramitado o procedemento, e transcorrido o prazo de exposición pública, vistos os informes favorables da Deputación de Lugo e Dirección Xeral de Administración Local, operando o silencio positivo con respecto á Deputación de A Coruña.

Ao abeiro do manifestado anteriormente, o Alcalde-Presidente do Concello de Paradela, propón ao Pleno da Corporación.

PRIMERO.- Proceder a ratificar a modificación do artigo 7 dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés, coa finalidade de aumentar o tempo de renovación dos cargos de Presidente e Vicepresidente de un a dous anos.

SEGUNDO.- Trasladar copia certificada de este acordo íntegro á Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés.

Paradela, 21 de xaneiro de 2016 O Alcalde-Presidente Asdo.: José Manuel Mato Díaz. Documento asinado dixitalmente ao marxe.”

A continuación sen que houbera debate algún, procedeuse a votar a Proposta de Alcaldía, que resulta aprobada pola unimidade dos nove Concelleiros que constitúen a Corporación.

ASUNTO DE URXENCIA. PETICIÓN DE APOIO DO CONCELLO ANTE A XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DE LUGO PARA A IMPLANTACIÓN NO CENTRO I.E.S. GREGORIO FERNÁNDEZ DE SARRIA DUN CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO DE COCIÑA E

GASTRONOMÍA.

Antes de pasar ao último punto da orde do día, por vía de urxencia, exponse ante o Pleno a petición de apoio do Concello ante a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Lugo para a implantación no centro I.E.S. Gregorio Fernández de Sarria dun CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO DE COCIÑA E GASTRONOMÍA (pertencente á Familia Profesional de Hostalaría e Turismo) que tivo entrada no Rexistro do Concello no día de onte, 27 de xaneiro de 2016.

Fundamentan a súa petición nos seguintes motivos

a) *Consideramos que, polos concellos da comarca de Sarria discorre o Camiño de Santiago, que é a sinal de identidade dos mesmos. Esta realidade, está provocando a proliferación masiva de instalación (restaurantes, hoteis, albergues, casas rurais, bares, etc) relacionados con estas ensinanzas.*

b) *Na nosa provincia só se ofertan estas ensinanzas en dous institutos públicos (en Foz e Lugo), polo que, a nosa comarca, que é a principal vía de entrada a Galicia dos peregrinos, debe contar con este tipo de servizo.*

c) *Os propietarios e xerentes dos negocios relacionados con estes estudos, levan reclamando hai tempo a impartición dos mesmos , en Sarria. Recoñecen que teñen dificultade para encontrar persoal cualificado. Ademais, a súa totalidade expresan a intención de acoller ao alumnado para a realización das Practicas nas súas empresas (FCT).*

d) *A inserción laboral do alumnado sería moi alta e inmediata.*

e) *Por último, a inversión das obras e equipamento sería baixa en comparación con outras realizadas pola Consellería nos últimos tempos.*

A unanimidade dos nove Concelleiros que conforman a Corporación amosan o apoio á petición realizada, e que se dea traslado deste apoio á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Lugo e ao I.E.S. Gregorio Fernández de Sarria”.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron formalmente preguntas por escrito, mais neste intre dase a posibilidade de facelo, preguntando D^a Sonsoles López Izquierdo polo Decreto de nomeamento do Tesoureiro e se se había solicitado á Deputación a súa cobertura.

O Secretario-Interventor resposta que asumiu a Tesouraría, ante a imposibilidade de que o posto de Tesoureiro sexa desempeñado por un cargo político, que efectivamente se recibiu a contestación da Deputación posterior ao Decreto referido, se ben xa tiña coñecemento de cal ía ser a resposta do organismo provincial, polo que en virtude da disposición legal asumiu o citado posto.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e vinte minutos do vinte e oito de xaneiro de dous mil dezaseis, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Visto e prace
O Alcalde

O Secretario-Interventor



Concello de
Paradela

Concello de Paradela

Rua Cabaleiros de Santiago, 15, PARADELA. 27611 Lugo. Tfno. 982541101. Fax: 982541232. Correo-e: concello.paradela@eidolocal.es